**MESA DE CONTRATACIÓN**

**ACTA 3**

**Cualificación e puntuación da documentación técnica contida nos sobres "B" de criterios avaliables mediante xuízos de valor (referencias técnicas), e apertura dos sobres "C" (de oferta económica, redución do prazo de execución, porcentaxe do control de calidade externo e porcentaxe de control de calidade interno).**

Na Casa do Concello de Riveira, sendo as dez horas do vinte e nove de xaneiro de dous mil dezaoito, reúnese a Mesa de Contratación baixo a presidencia do alcalde Manuel Ruiz Rivas, coa asistencia do secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, do interventor Pablo Bao Castro, da enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e do secretario da Mesa de Contratación, o administrativo da oficina de contratación José Manuel Fernández Dios, co fin de proceder á cualificación e puntuación da documentación técnica contida nos sobres "B" de criterios avaliables mediante xuízos de valor (referencias técnicas), e apertura dos sobres "C" (de oferta económica, redución do prazo de execución, porcentaxe do control de calidade externo e porcentaxe de control de calidade interno), daqueles licitadores que resulten admitidos para a contratación que se indica a continuación:

| | |
|---|---|
| *Obxecto* | **Reordenación da Avenida do Malecón e pavimentación da zona infantil do Parque García Bayón (Riveira)** |
| *Orzamento* | Orzamento base: 825.152,90 euros<br>IVE (21%) : 173.282,11 euros<br>Orzamento total: 998.435,01 euros |
| *Prazo de execución* | 8 meses |
| *Procedemento* | Procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria. |

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo 2017, o expediente de contratación, por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60920, aprobáronse por decreto da alcaldía da data 04/12/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 235, da data 13/12/2017 e no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 15/12/2017.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 12/01/2018, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

1) Construcciones Cernadas, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 08/01/2018, co número 236.
2) Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 291.
3) Tarrío y Suárez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 296.
4) Construccións Fermín Simal, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 305.
5) Construcciones Oñial, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 321.
6) Acciona Construcción, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 325.
7) Nemesio Ordóñez, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 10/01/2018, co número 339.
8) Canarga, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 448, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.
9) Construcciones Iglesias Mera, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 449, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.
10) Fonsan Gestión y Construcción, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 450, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.
11) Ogmios Proyecto, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 451, presentada a través da oficina de correos na data 09/01/2018.
12) Prace Servicios y Obras, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 453, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.
13) Copcisa, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 454, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.
14) Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 455, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003036E00Y8R8K7L5F2W6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180197486 |
|---|---|---|
| | UXIA LANDEIRA PEREIRA-INGENIERA MUNICIPAL - 09/02/2018<br>PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 09/02/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/02/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/02/2018<br>JOSE MANUEL FERNANDEZ DIOS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ADMINISTRATIVO CONTRATACIÓN - 09/02/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/02/2018 13:13:09 | Fecha: 09/02/2018<br>Hora: 13:12 |

15) Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 457, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

16) Obras y Viales de Galicia, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 459, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

17) Proyecon Galicia, S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 460, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

18) Construcciones Leonardo Miguelez, S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 461, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

19) UTE entre Ceta Contratas, S.L. e Obras y Construcciones Dios, S.A. - Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 462, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

20) UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L. - Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 464, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

21) Alvac, S.A. - Oferta que foi rexistrada de entrada na data 12/01/2018, co número 465, presentada a través da oficina de correos na data 10/01/2018.

A Mesa de Contratación, na súa reunión de data 15/01/2018, unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada, de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, acordou declarar admitidas a esta licitación ás vinte e unha (21) empresas presentadas, por considerar que a documentación administrativa simplificada aportada por cada unha delas é correcta.

O acto público de apertura dos sobres "B", de criterios avaliables mediante xuízos de valor (referencias técnicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/01/2018, na que, despois dunha sucinta lectura da documentación aportada por cada licitador, acordou dar traslado da documentación técnica contida nos mencionados sobres "B" aos servizos técnicos pertinentes para que emitisen o informe debidamente motivado respecto dos criterios de valoración que figuran na cláusula 15ª.2, en relación co Anexo II, do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente.

Con data 29/01/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu o informe solicitado pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/01/2018, co detalle de proposta de puntuación que se recolle nas fichas individualizadas de cada oferta valorada. No mesmo informe tamén se indica que:

*"Non se valorou a seguinte oferta por incumprir o apartado 12ª.2. del P.C.A.P. "Calquera referencia neste sobre "B" da que poida deducirse a oferta presentada no sobre "C" do licitador, dará lugar á non admisión da mesma"":*

| EMPRESA | INCUMPRIMIENTO |
|---|---|
| Construcciones Cernadas, S.L. | Indica a redución de prazos ofertada |

Á vista do citado informe e de acordo coa proposta formulada no mesmo.

**A MESA DE CONTRATACIÓN**, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO**.- **Declarar excluída da licitación á empresa "Construcciones Cernadas, S.L."** por canto no sobre "B" de criterios avaliables mediante xuízos de valor (referencias técnicas) da súa oferta indica a redución de prazos ofertada, incumprindo polo tanto o disposto no parágrafo quinto da cláusula 12ª.2 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que indica que: *"Calquera referencia neste sobre "B" da que poida deducirse a oferta presentada no sobre "C" do licitador, dará lugar á non admisión da mesma".*

**SEGUNDO**.- **Outorgar as puntuacións que se resumen no cadro** que se transcribe a continuación, pola documentación técnica incluída polos licitadores nos seus respectivos sobres "B" de criterios avaliables mediante xuízos de valor (referencias técnicas):

| EMPRESA | CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN "REFERENCIAS TÉCNICAS" | | | | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | PROGRAMA DE TRABALLO (de 0 a 13 pts) | PROGRAMA DE ACTUACIÓN MEDIOAM-BIENTAL (de 0 | PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE | ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (de 0 a 12 pts) | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | a 6 pts) | (de 0 a 9 pts) | | |
| 1 | OGMIOS PROYECTO, S.L. | 13,00 | 5,50 | 9,00 | 9,00 | 36,50 |
| 2 | CANARGA, S.L. | 12,50 | 5,50 | 8,50 | 9,50 | 36,00 |
| 3 | NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A. | 11,50 | 6,00 | 7,00 | 11,00 | 35,50 |
| 4 | CONSTRUCCIONES IGLESIAS MERA, S.L. | 12,00 | 5,50 | 6,50 | 11,00 | 35,00 |
| 5 | ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. | 9,50 | 5,50 | 8,50 | 8,50 | 32,00 |
| 6 | FONSÁN GESTIÓN Y CONSTRUCCIÓN, S.L. | 11,50 | 4,50 | 7,50 | 8,00 | 31,50 |
| 7 | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. | 7,00 | 4,00 | 8,50 | 11,50 | 31,00 |
| 8 | UTE ENTRE ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. E CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L. | 11,50 | 5,00 | 7,50 | 6,50 | 30,50 |
| 9 | TARRÍO Y SUÁREZ, S.L. | 6,25 | 5,50 | 9,00 | 9,00 | 29,75 |
| 10 | COPCISA, S.A. | 7,00 | 4,50 | 7,50 | 10,00 | 29,00 |
| 11 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ, S.L. | 7,00 | 5,00 | 8,50 | 8,00 | 28,50 |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.L.U. | 5,00 | 5,00 | 8,00 | 9,00 | 27,00 |
| 13 | CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L. | 5,50 | 4,50 | 7,00 | 9,00 | 26,00 |
| 14 | UTE ENTRE CETA CONTRATAS, S.L. E OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. | 8,00 | 4,00 | 7,00 | 7,00 | 26,00 |
| 15 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 6,50 | 4,00 | 7,00 | 8,50 | 26,00 |
| 16 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A. | 5,75 | 5,00 | 5,50 | 9,00 | 25,25 |
| 17 | PROYECON GALICIA, S.A. | 6,50 | 3,00 | 9,00 | 5,00 | 23,50 |
| 18 | ALVAC, S.A. | 6,50 | 4,50 | 7,00 | 5,00 | 23,00 |
| 19 | CONSTRUCCIÓNS FERMÍN SIMAL, S.L. | 4,50 | 4,00 | 7,00 | 6,00 | 21,50 |
| 20 | OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L. | 0,00 | 5,00 | 4,80 | 6,60 | 16,40 |

Acto seguido, e xa en acto público, a Mesa de Contratación fai público o resultado anteriormente detallado, PROCEDENDO A CONTINUACIÓN Á APERTURA DOS SOBRES “C” (DE OFERTA ECONÓMICA, REDUCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN, PORCENTAXE DO CONTROL DE CALIDADE EXTERNO E PORCENTAXE DE CONTROL DE CALIDADE INTERNO) DE CADA UN DOS LICITADORES ADMITIDOS A ESTA CONTRATACIÓN, dando o resultado seguinte:

| LICITADORES | VALOR ESTIMADO (IVE excluído) | PRAZO DE EXECUCIÓN (días naturais) | % DE CONTROL DE CALIDADE INTERNO | % DE CONTROL DE CALIDADE EXTERNO |
|---|---|---|---|---|
| Ovisa Pavimentos y Obras, S.L.U. | 654.100,00 € | 182 | 2,03 | 3,00 |
| Tarrío y Suárez, S.L.- | 660.122,32 € | 180 | 2,00 | 3,00 |
| Construccións Fermín Simal, S.L. | 720.000,00 € | 210 | 3,00 | 3,00 |
| Construcciones Oñial, S.L. | 702.000,00 € | 120 | 1,75 | 3,00 |
| Acciona Construcción, S.A. | 660.287,35 € | 120 | 10,00 | 3,00 |
| Nemesio Ordóñez, S.A. | 649.147,78 € | 119 | 12,00 | 3,00 |
| Canarga, S.L. | 579.669,42 € | 165 | 15,00 | 3,00 |
| Construcciones Iglesias Mera, S.L. | 674.397,46 € | 180 | 20,00 | 3,00 |
| Fonsan Gestión y Construcción, S.L. | 572.002,75 € | 138 | 15,00 | 3,00 |

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003036E00Y8R8K7L5F2W6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
UXIA LANDEIRA PEREIRA-INGENIERA MUNICIPAL - 09/02/2018
PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 09/02/2018
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/02/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/02/2018
JOSE MANUEL FERNANDEZ DIOS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ADMINISTRATIVO CONTRATACIÓN - 09/02/2018
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/02/2018 13:13:09

DOCUMENTO: 20180197486
Fecha: 09/02/2018
Hora: 13:12

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ogmios Proyecto, S.L. | 655.458,42 € | 165 | 5,00 | 3,00 |
| Prace Servicios y Obras, S.A. | 614.903,94 € | 180 | 5,00 | 3,00 |
| Copcisa, S.A. | 629.014,06 € | 97 | 8,00 | 3,00 |
| Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A. | 573.068,68 € | 105 | 15,00 | 3,00 |
| Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. | 667.143,86 € | 180 | 10,00 | 3,00 |
| Obras y Viales de Galicia, S.L. | 664.809,92 € | 160 | 10,00 | 3,00 |
| Proyecon Galicia, S.A. | 618.885,00 € | 150 | 5,00 | 2,00 |
| Construcciones Leonardo Miguelez, S.L. | 617.379,00 € | 135 | 5,00 | 3,00 |
| UTE entre Ceta Contratas, S.L. e Obras y Construcciones Dios, S.A. | 654.776,31 € | 180 | 2,00 | 4,00 |
| UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L. | 589.324,20 € | 135 | 14,11 | 3,00 |
| Alvac, S.A. | 649.457,45 € | 150 | 1,00 | 3,00 |

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta económica presentada polos licitadores "Canarga, S.L.", "Fonsan Gestión y Construcción, S.L.", "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." e a UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L. deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas.

Vista a cláusula 15ª.9.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, que establece que cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 15ª.9.4. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Visto o artigo 152.4 Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que se dispón:
*"Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluiraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo coa orde na que foran clasificadas conforme ó sinalado no apartado 1 do artigo anterior".*

**A MESA DE CONTRATACIÓN**, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Dar audiencia aos licitadores "Canarga, S.L.", "Fonsan Gestión y Construcción, S.L." "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A." e a UTE entre Arines Obras y Proyectos, S.L. e Construcciones Ponciano Nieto, S.L., que presentan ofertas económicas que deben entenderse, en principio, como anormais ou desproporcionadas, para que no prazo máximo de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ó da notificación do correspondente requirimento, xustifiquen as súas ofertas, en base ós seguintes criterios obxectivos:
- Xustificación dos prezos ofertados.
- Volume de obra.
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada.

A tal efecto deberan achegar a documentación que se indica na cláusula 15.9.4 do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación.

Levantándose esta reunión pola Presidencia, e estendéndose a presente acta, que asinan os asistentes, e do que, como Secretario da Mesa, dou fe.

| La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E20003036E00Y8R8K7L5F2W6 en la Sede Electrónica de la Entidad | FIRMANTE - FECHA | DOCUMENTO: 20180197486 |
|---|---|---|
| | UXIA LANDEIRA PEREIRA-INGENIERA MUNICIPAL - 09/02/2018<br>PABLO BAO CASTRO-INTERVENTOR - 09/02/2018<br>MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 09/02/2018<br>JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 09/02/2018<br>JOSE MANUEL FERNANDEZ DIOS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ADMINISTRATIVO CONTRATACIÓN - 09/02/2018<br>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 09/02/2018 13:13:09 | Fecha: 09/02/2018<br>Hora: 13:12 |